

engadidos, substitucións, modificacións e obrigas prescritos no artigo 1º deste decreto.

*Disposición derradeira*

Primeira.-Recursos.

Segundo o disposto no artigo 85.9º da citada Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Segunda.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Alberto Núñez Feijoo  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 15 de abril de 2005 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro privado Concepción Arenal-Malvedo de Coles (Ourense).*

Examinado o expediente que presenta o centro privado Concepción Arenal-Malvedo de Coles (Ourense), código 32016731, en que solicita que a nova denominación sexa centro privado Malvedo.

Vistos o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que concorre no expediente os requisitos exixidos nas disposicións vixentes para poder acceder ao solicitado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa,

*DISPÓN:*

Autorizar o cambio de denominación do centro privado Concepción Arenal-Malvedo de Coles pasando a denominarse centro privado Malvedo.

O cambio de denominación non afectará ao réxime de funcionamento do centro.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 3 de maio de 2005 pola que se convoca un concurso público de méritos para a selección de bolseiros de lingua, literatura e cultura galegas para as universidades de: Birmingham, Cork, Lisboa, Padua, Trier e Tubinga.*

O Goberno galego, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas entre a colectividade non galega ou galega que vive no exterior. Este labor de difusión da cultura galega lévase a cabo a través de varias liñas de actuación, entre as que se atopa a creación de centros de estudos en colaboración con máis de corenta universidades. Os centros ofrecen estudos de lingua, literatura e cultura galegas a universidades de fóra de Galicia. Cada centro de estudos créase pola sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e mais a correspondente universidade.

A falta de persoal cualificado para levar a cabo o labor de ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nas universidades receptoras súplese coa convocatoria dun concurso público de méritos para a selección de bolseiros que presten os seus servizos nas propias institucións docentes. En consecuencia,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócase un concurso público de méritos para a selección de bolseiros de lingua, literatura e cultura galegas para as universidades de Birmingham, Cork, Lisboa, Padua, Trier e Tubinga.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán participar neste concurso as persoas que teñan a cidadanía española ou sexan nacionais de países membros da Unión Europea e estean en posesión do título de licenciado en filoloxía galega, ou nas subseccións de galego-portugués de filoloxía

hispanica, ou nas subseccións de galaico-portugués de filoloxía románica. No caso dos funcionarios en servizo activo, terán que obter a excedencia voluntaria por interese particular no seu posto de traballo para seren nomeados bolseiros.

2. Quedan excluídas aquelas persoas que, reunindo estes requisitos, están a exercer ou exerceron como bolseiro de lingua, literatura e cultura galegas e que obtivesen praza en anteriores convocatorias.

#### Artigo 3º.-Duración.

1. O nomeamento dos seleccionados como bolseiros abranguerá o curso académico 2005-2006. Este período inicial de actuación poderase ir renovando, sucesivamente, por anos académicos ata completar unha estadía máxima total (computado o tempo como bolseiro substituto) de cinco anos académicos en calquera institución universitaria, sempre que esta circunstancia non contraveña o que dispón a normativa de cada unha das universidades receptoras en canto á estadía do bolseiro.

2. Para cada unha desas renovacións anuais, o bolseiro deberá reunir, no penúltimo mes do correspondente ano académico, os seguintes requisitos:

-Presentar na Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria-resumo do ano académico que remata, co visto e prace da universidade.

-Contar con informes favorables, tanto do profesor responsable do Centro de Estudos Galegos da universidade de destino, como da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Unha vez resolto o concurso de acordo co establecido no artigo 10º desta orde, o bolseiro só poderá desenvolver a súa actividade na universidade para a que foi seleccionado.

4. Se, unha vez nomeado, o bolseiro renunciase á praza, esta cubrirase cun candidato entre os solicitantes que concorren á convocatoria, por orde de puntuación.

5. O disposto no parágrafo anterior tamén será de observancia para a cobertura temporal da praza cando sexa necesaria a substitución do bolseiro nomeado e polo período que dure a causa que a orixina. De ser o caso, será competencia da consellería estimar a procedencia da dita substitución.

#### Artigo 4º.-Actividade.

O bolseiro encargarse da programación e da organización das necesarias actividades de difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas (non só na universidade, senón tamén dentro do seu ámbito de influencia), baixo a dirección do profesor responsable do Centro de Estudos Galegos, e impartirá a docencia das materias que se concreten no convenio de colaboración que asinen a consellería e mais a universidade respectiva, debendo presentar declaración xustificativa da realización das activi-

dades de interese público debidamente confirmada polo responsable do centro. En todo caso, a súa dedicación académica e mais a consideración dentro da universidade axustarase á normativa da propia institución docente.

#### Artigo 5º.-Dotación económica.

1. A dotación correspondente á axuda do bolseiro financiarase logo da sinatura do correspondente convenio, ben con cargo á subvención que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria lle outorgue a cada unha das universidades, ben directamente pola propia consellería con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005, segundo o que se detalla no seguinte cadro e que para o último trimestre deste ano serán:

Universidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Pagamento
Birmingham	07.06.353E.790.0	3.756,25 €	Pola propia universidade
Cork	07.06.353E.790.0	3.756,25 €	Pola propia universidade
Lisboa	07.06.353E.790.0	3.756,25 €	Pola propia universidade
Padua	07.06.353E.780.2	3.756,25 €	Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Trier	07.06.353E.780.2	3.756,25 €	Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Tubinga	07.06.353E.790.0	3.756,25 €	Pola propia universidade

3. Nesa retribución considéranse incluídos todos os conceptos (viaxes, estadía ...).

4. Non obstante o disposto no artigo 6º.2 desta orde, o bolseiro presentará, antes do pagamento de cada ano natural, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

5. O bolseiro queda obrigado a reintegrar, total ou parcialmente, o importe da retribución percibida no suposto de incumprimento ou renuncia das condicións establecidas nesta orde.

6. O bolseiro queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Política Lingüística, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

1. As persoas interesadas presentarán a solicitude no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Utilizarán o formulario de solicitude que figura como anexo I desta orde e achegarán cando menos a documentación recollida no mencionado anexo.

2. A maiores, as persoas interesadas presentarán coa documentación que se xunte á solicitude, unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos. De non ter solicitada ou concedida ningunha, tamén o farán constar.

Artigo 7º.-Prazos de presentación.

1. O prazo de presentación das solicitudes será de corenta días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os defectos nas solicitudes notificaránselles aos interesados, que terán un prazo de dez días para que emenden os erros ou as omisións. Transcorrido ese prazo, e se non se producise a emenda, as peticións arquivaranse sen máis trámite ou deixaranse sen puntuar os méritos que non se xustifiquen debidamente, segundo corresponda.

Artigo 8º.-Órgano informante.

As solicitudes e a documentación acreditativa examínaranse e valoraranse unha comisión presidida polo director xeral de Política Lingüística e composta polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Promoción e Ensino da Lingua Galega.

-O xefe do Servizo de Plans e Programas de Ensino da Lingua Galega.

-Por parte de cada universidade, un membro (ou persoa na que delegue) da comisión de seguimento prevista no convenio asinado coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

-Un funcionario da Dirección Xeral de Política Lingüística, que actuará de secretario con voz pero sen voto.

Actuarán como suplentes :

-A xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística

-O xefe da Sección de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega.

Artigo 9º.-Criterio de adxudicación.

Para levar a cabo o seu traballo, a comisión valorará os aspectos recollidos no anexo II desta orde, de acordo coa documentación que presente cada aspirante á bolsa.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Rematado o seu traballo, a comisión presentará un informe ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá notificándolle á universidade o nomeamento. A aceptación por parte de cada universidade determinará a condición de bolseiro.

2. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de seis meses, contados a partir da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

De non resolverse a convocatoria neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

3. A resolución poralle fin á vía administrativa e notificaráselles aos solicitantes. Contra ela poderán interpor un recurso potestativo de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 11º

A resolución prevista no artigo 10º desta orde estará condicionada á sinatura previa dos convenios entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e cada unha das respectivas universidades.

Artigo 12º

A resolución prevista no artigo 10º desta orde poderá ser modificada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por alteración das condicións que se tiveron en conta para a selección do bolseiro, e, en todo caso, pola obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais. O acto polo que se acorde a modificación da resolución será ditado logo da instrución do correspondente expediente no que se lles dará audiencia ás persoas interesadas.

Artigo 13º

Esta orde réxese polo establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro) en todo aquilo que non se opoña ao Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na última redacción dada na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ao carácter básico do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de aplicación xeral de subvencións e ao seu desenvolvemento.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO <b>SELECCIÓN DO PROFESORADO BOLSEIRO DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS PARA VARIAS UNIVERSIDADES NO EXTERIOR</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED110A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## SOLICITA:

Ser admitido/a no concurso público de méritos para a selección de bolseiros de lingua, literatura e cultura galegas para as universidades de Birmingham, Cork, Lisboa, Padua, Trier y Tubinga.

Universidade/s que solicita (por orde de preferencia, se pide varias): \_\_\_\_\_

## DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento acreditativo da identidade.
- Fotocopia compulsada do título (ou títulos) de licenciatura, ou da acreditación de telo/s solicitado/s.
- Certificado de estudos orixinal (ou fotocopia compulsada).
- Curriculum vitae* e xustificantes de todos os méritos alegados.
- Declaración xurada de non estar en situación de servizo activo como funcionario, ou ben, en caso de estalo, indicación do corpo de pertenza e compromiso de solicitar a excedencia correspondente.
- Escrito, asinado pola persoa solicitante, que conteña a explicación dos motivos da solicitude e o proxecto de traballo para cada universidade solicitada.
- Outra (relacionala): \_\_\_\_\_

LEXISLACION APLICABLE  <i>Orde do 3 de maio de 2005 pola que se convoca un concurso público de méritos para a selección de bolseiros de lingua, literatura e cultura galegas para as universidades de Birmingham, Cork, Lisboa, Padua, Trier y Tubinga.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE  _____, de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAIDA / /

## ANEXO II

## 1. Formación.

1.1. Polo título de doutor: 2 puntos.

1.2. Por cada licenciatura (ou título declarado legalmente equivalente) distinto do exixido: 0,5 puntos (máx. 2 puntos).

1.3. Asistencia a actividades de formación, relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas: ata 2 puntos.

## 2. Actividade xeral.

2.1. Impartición de cursos, conferencias, relatorios etc., relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas: ata 2 puntos.

2.2. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas: ata 1 punto.

2.3. Publicacións relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas: ata 2 puntos.

2.4. Docencia no ensino regrado de lingua, a literatura e a cultura galegas: ata 2 puntos.

## 3. Experiencia e coñecementos.

3.1. Experiencia na organización de actividades de difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas en universidades de fóra de Galicia: ata 1 punto.

3.2. Coñecemento da comunidade autónoma ou do país no que se encontra a universidade solicitada, e da súa situación sociocultural: ata 1 punto.

3.3. Coñecemento do idioma ou idiomas propios da universidade solicitada (distintos do español): ata 2 puntos.

4. Interese do proxecto de traballo: ata 4 puntos.

5. Adecuación ao posto de traballo de acordo co expediente académico presentado: ata 4 puntos.

6. Entrevista persoal: ata 5 puntos.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Orde do 10 de maio de 2005 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas aos alumnos de centros escolares, para o consumo de leite e produtos lácteos, convocadas pola Orde do 15 de decembro de 2004.*

De acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 30 de maio de 2002 (DOG nº 109, do 7 de xuño), modificada pola do 21 de abril de 2004 (DOG nº 80, do 27 de abril), a Orde do 15 de decembro de 2004 (DOG nº 247, do 22 de decembro) estableceu a convocatoria, para o ano 2005, das axu-

das aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos.

No seu artigo 6.1º, precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das ditas axudas, e no seu parágrafo 2 sinálase que as dotacións iniciais poderán incrementarse, se fose procedente, tramitándose para tal efecto o oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito.

Coa finalidade de poder amparar todas as solididades desas axudas, que son xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), e posto que as dotacións iniciais poderán resultar insuficientes, aprobouse o correspondente expediente de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das ditas axudas do programa de leite escolar.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente,

## DISPOÑO:

## Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista para as axudas aos alumnos de centros escolares, para o consumo de leite e produtos lácteos no artigo 6.1º da Orde do 15 de decembro de 2004 (DOG nº 249, do 22 de decembro), na aplicación 09.60.614A.779.0 -Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria. Axudas comunitarias a produtores derivadas da nova PAC dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005, incrementase en 62.000,12 euros, supoñendo un total de 412.000,12 euros para o presente exercicio.

2. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A ampliación de crédito prevista nesta orde non afecta o prazo de presentación de solididades establecido na devandita Orde do 15 de decembro de 2004.

Segunda.-As solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2003, ás que, reunindo os requisitos establecidos na dita orde, non se lles concedeu a axuda solicitada, poderanse ter en conta na convocatoria do 2005. A tramitación dos expedientes continuará no trámite en que se atopaban á finalización do exercicio anterior.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes  
Conselleiro de Política Agroalimentaria  
e Desenvolvemento Rural